

Central de balances trimestral

Primeiro trimestre de 2006

COMUNICADO

Seguen recuperándose os ingresos de explotación

As 173 empresas que nos permiten facer unha comparación homoxénea entre os primeiros trimestres do 2005 e 2006 arrojan unha taxa de crecemento dos ingresos de explotación do 18,6%. No que respecta á evolución interanual dos agregados e manexando información desas 173 empresas podemos concluír que o incremento interanual do valor engadido bruto foi do 8,56%.

Forte incremento do indicador de clima industrial (ICI)

As expectativas empresariais, medidas a través do ICI, duplican o valor rexistrado o último trimestre de 2005 e arrojan un dato de 14,01 neste primeiro trimestre de 2006 que estamos a analizar. O maior incremento dáse no saldo do nivel actual da carteira de pedidos e das expectativas de produción do próximo trimestre.

Evolución do indicador de confianza industrial

PERÍODO	ICI	Nº EMPRESAS
2004		
2º TRIM	14,1	149
3º TRIM	10,6	140
4º TRIM	8,5	144
2005		
1º TRIM	3,4	135
2º TRIM	6,9	126
3º TRIM	0,5	121
4º TRIM	7,3	107
2006		
1º TRIM	14,0	95

Fonte: IGE. Central de Balances Trimestral

Novo crecemento do activo circulante

No apartado de investimento, coa mostra homoxénea entre os primeiros trimestres dos anos 2005 e 2006, atopamos aumentos do 8,3% no activo fixo fronte o 29% no activo circulante. O activo total crece polo tanto un 15,8%.

A taxa interanual de crecemento dos recursos propios segue sendo positiva

No tocante ao financiamento, a variable de recursos propios que seguía en trimestres pasados unha traxectoria descendente en termos absolutos, presenta neste primeiro trimestre de 2006 unha taxa interanual positiva do 10,4% mais a taxa interanual dos recursos alleos crece en maior medida, un 18,3% .

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>